

DEREITO
SOCIAL
REVISTA
GALLEGA
DE

RECURSOS E SANCIÓN

RESOLUCIÓN DE 31 DE XULLO DE 2001

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada acta de infracción por vulneración dos artigos 15, 16, 23.1.a) da Lei 31/95, do 8 de novembro, en relación coa falta de avaliación de riscos na empresa.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.1 da Lei 31/95 de prevención de riscos laborais, do 8 de novembro, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 250.000 pesetas.

SEGUNDO.- Logo do informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 20.12.2000 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impoer unha sanción de 250.100 pesetas.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que se solicitada a revocación da resolución ou subsidiariamente se calificara a falta como leve en grao mínimo.

CUARTO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 161/2000, do 29 de xuño (DOG 03/07/00) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Con respecto á pretendida ausencia de culpabilidade, tense que sinalar que dito concepto en canto relación psicolóxica de causalidade entre o axente e o resultado tipicamente punible non é elemento esencial para a existencia de infraccións sancionables en materia de Seguridade e Hixiene no Traballo, pois o castigado nese ámbito é o mero incumprimento dos preceptos normativos, independentemente de que acaeza un dano efectivo ou unha situación de perigo, pois na orde contencioso-administrativo o elemento voluntarista opera unicamente como elemento agravante; pois aínda que a responsabilidade do empresario non se produce obxectivamente polo feito do accidente laboral, si que se aprecia a través dun previo xuízo de imputabilidade, polo que con independencia das causas orixinarias do accidente, acredítase, do exame dos feitos e circunstancias, a culpabilidade empresarial por non ter cubertas tódalas medidas de seguridade e protección esixidas por normas de dereito necesario.

TERCEIRO.- Respecto do fondo do asunto a empresa non demostra que teña realizada a avaliación inicial de riscos, procede, por tanto, confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.L.P. en representación da empresa do mesmo nome contra a Resolución de data 20.12.2000 acordada pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 250.100 ptas. imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 9 DE OUTUBRO DE 2001

Examinados os recursos formulados polas empresas de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 3.b) da parte C do Anexo IV do R.D. 1627/97, so 24 de outubro; artigo 193 da Ordenanza Laboral da Construcción (O.M.

28.08.70), en relación co risco de caída, por falta de protección colectiva e individual, nunha obra en P...da Coruña.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16.f) da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 500.000 pesetas. Apréciase responsabilidade solidaria da empresa principal e subcontratista en virtude do disposto no artigo 42.2 da Lei 31/95, do 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 01.12.00 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 500.000 pesetas solidariamente a ámbalas dúas empresas.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución as empresas interpuxeron en tempo e forma recurso, no que solicitaban que se deixase sen efecto a Acta de inspección, conforme ás alegacións que estimaron máis convenientes ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramenbte reproducidas.

CUARTO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto2412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 161/2000, de 29 de xuño (DOG 03/07/00) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- As alegacións aducidas pola empresa “C.L., S.L.”, non poden ter favorable acollida nesta instancia, xa que os feitos obxecto de infracción foron comprobados directa e persoalmente pola actuario, feitos estes que pola súa propia natureza eran susceptibles de seren aprehendidos polo sentido da vista da funcionaria, esto é, constatables de forma directa, sen que se precisase a intermediación doutro soporte probatorio. A recorrente tampouco achega ó expediente proba suficiente en contrario que poida destruí-la presunción de certeza e veracidade que ás actas levantadas pola Inspección de Traballo lles atribúe o artigo 52.2 da Lei 8/88, non servindo para tal fin a imputabilidade da responsabilidade ós traballadores en relación coas medidas de protección individuais, posto que a débeda do empresario cos traballadores non se esgota con darlle-los medios normais de protección senón que vén ademais obrigado á axeitada vixilancia do cumprimento das súas instrucións que deben ter non só a finalidade de protexer ós traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servicio encomendado senón ademais da prevención das ordinarias imprudencias profesionais (S.T.S. 24.09.96).

TERCEIRO.- Respecto da responsabilidade da empresa “T., S.A.”, reiterarlle que o artigo 42.2 da Lei 31/95 establece a responsabilidade solidaria da empresa principal e subcontratista, polo incumprimento das obrigas en materia de prevención de riscos, ó

producirse a infracción no centro de traballo da empresa principal, de tal xeito que o titular do centro ten obrigas en relación con tódolos traballadores que no mesmo presten servicios, aínda que o fagan para outro empresario (ademais dos que cada empresario ten sobre os seus) vilixando o cumprimento por parte dos contratistas ou subcontratistas da normativa de prevención de riscos, garantindo que o lugar de traballo teña as condicións que o ordenamento esixe.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LOS recursos interpostos por don A.F.D. en representación da empresa “C.L., S.L.” e por don J.M.V.Y. en representación da empresa “T., S.A.” contra a Resolución de data 01.12.00 acordada pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 500.000 ptas. imposta solidariamente a ámbalas dúas empresas.

RESOLUCIÓN DE 29 DE OUTUBRO DE 2001

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 15.1.b) do Estatuto dos Traballadores, en relación co disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 2546/1994, do 29 de decembro, e artigo 18 do Convenio Colectivo Provincial do sector, vixentes no momento de realiza-los contratos correspondentes; ó utiliza-las dúas empresas “M.E.H.F., S.L.” e “H.F. e H.M.S., S.L.” a normativa reguladora do contrato de traballo de duración determinada eventual por circunstancias da produción en fraude de lei, para infrinxir así o límite temporal máximo de duración establecido para esta modalidade de contratación temporal. A tal conclusión chégase valorando o comprobado, antes exposto, sobre os períodos temporais de prestación de actividade, centros de traballo, administradores e propietarios de capital social de ambas empresas, que determinan unha continuidade real na prestación de servicios de cada traballador cando cesa nunha das empresas e pasa a ser contratado pola outra. Como consecuencia de todo iso debe considerarse comprobado que cada unha das dúas empresas citadas infrinxe o disposto nas normas legais, regulamentarias e convencionais antes citadas.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 95.6 R.D. Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, que aproba o Estatuto dos Traballadores, apreciándose a sanción resultante en grao MEDIO, ó abeiro do disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 8/88, do 7 de abril, de infraccións e sancións na Orde Social, propoñéndose a imposición dunha multa de 250.000 pesetas.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de Ourense da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 21.12.00 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 250.000 pesetas.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou conveniente ó seu derito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO.- A competencia deste Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 161/2000, do 29 de xuño (DOG 03.07.00) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Respecto da alegación 1ª relativa á acta de infracción, indicarlle que en aplicación da doutrina do Tribunal Superior produciríase en todo caso anulabilidade do acto, sempre que os requisitos formais de que carecese fosen imprescindibles para alcanza-lo seu fin, ou producira indefensión ós interesados. Neste suposto non se produce indefensión xa que o interesado alegou o que considerou oportuno no procedemento seguido contra el, coñeceu os feitos e elementos de xuízo reflectidos na acta na que con suficiencia e detalle se especifican as causas que motivaron o procedemento sancionador, nos informes emitidos e nos fundamentos xurídicos da resolución dictada, con base nos cales se impón a sanción, coñecemento que precisamente lle permitiu presentar escrito de descargos e este recurso de alzada.

En canto ó procedemento a proba é denegada na resolución na que se impón a sanción. En concordancia coa xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o pronunciamiento expreso só ten importancia dende unha perspectiva formal e non vulnera en ningún momento o artigo 24 da Constitución Española.

En canto á unidade da empresa non se cumpren ningún dos requisitos que xurisprudencialmente se veñen esixindo para considerar que existe unidade ou grupo de empresas. As contratacións sucesivas son debido á falta de especialistas.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.F.V. en representación da empresa "M.E.H.F., S.L." contra a Resolución de data 21.12.00 acordada pola Delegación Provincial de Ourense da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 250.000 pesetas imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 29 DE OUTUBRO DE 2001

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 1 e Anexo IV, parte C, apdos. 3.a), b) e 12.b) do Real Decreto 1627/97, do 24 de outubro, en relación co risco de caída (5 metros) polos ocós sen protección do forxado dunha obra en P..., As Pontes, en traballos sobre unha escaleira de man.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16.f) da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 251.000 pesetas.

SEGUNDO.- A Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 08.01.01 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 251.000 pesetas.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitada que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 161/2000, do 29 de xuño (DOG 03/07/00) da Estructura Orgánica desta Consellería de demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- As alegacións aducidas pola recorrente non poden ter favorable acollida nesta instancia, xa que os feitos obxecto de infracción foron comprobados directa e persoalmente pola actuario, feitos este que pola súa propia natureza eran susceptibles de seren aprehendidos polo sentido da vista da funcionaria, esto é, constatables de forma directa, sen que se precisase a intermediación doutro soporte probatorio. A recorrente tampouco achega ó expediente proba suficiente en contrario que poida destruí-la presunción de certeza e veracidade que ás actas levantadas pola Inspección de Traballo lles atribúe o artigo 52.2 da Lei 8/88, non servindo para tal fin a imputabilidade da responsabilidade ós traballadores en relación coas medidas de protección individuais, posto que a débeda do empresario cos traballadores non se esgota

con darlle-los medios normais de protección senón que vén ademais obrigado á axeitada vixilancia do cumprimento das súas instrucións que deben ter non só a finalidade de protexer ós traballadores do risco xenérico que crea ou existe o servicio encomendado senón ademais da prevención das ordinarias imprudencias profesionais (STS 24/09/96).

TERCEIRO.- Ante a alegación referente á presuntamente incorrecta gradación da sanción imposta, temos que sinalar que a mesma impúxose dentro dos límites establecidos nos artigos correspondentes da lei substantiva de aplicación, graduándose tendo en conta as circunstancias moduladoras da responsabilidade xa recollidas na acta e que ó longo do procedemento non foron desvirtuadas polo agora recorrente co que a sanción enténdese que é proporcional ás circunstancias e polo tanto procede confirmala na súa totalidade.

CUARTO.- As actas gozan de presunción de veracidade, de acordo co art. 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, que só cede ante proba en contra. De tal forma que, por unha parte, se respecta a presunción de inocencia da empresa, porque a acta non goza de veracidade indiscutible, e por outra, invírtese a carga da proba, que corresponde á empresa.

Polo que respecta ó incumprimento dos prazos do artigo 20.3 do R.D. 928/1998, do 14 de maio, indicarlle que se cumpriron os prazos fixados polo artigo xa que a data para o cómputo do prazo é a da acta (07.08.00) e a data da notificación é o (18.01.01), non transcorrendo, por tanto, o prazo de 6 meses establecido.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.S.C. en representación da empresa "I.M.E.M., S.L." contra a Resolución de data 08.01.01 acordada pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 251.000 pesetas imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 19 DE NOVEMBRO DE 2001

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada acta, por incumprimento do disposto no Anexo I, 1.8 do R.D. 1215/97, do 18 de xullo e demais normativa de aplicación, en relación co accidente de M.A.C.A.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16.f) da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 250.100 pesetas.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 08.01.01 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 250.100 pesetas.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase se efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTA.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 161/2000, do 29 de xuño (DOG 03/07/00) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- O alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, reiterámoslle que a Lei ordenadora da inspección de traballo e seguridade social outorga ós inspectores competencia para advertir ou requirir ó suxeito responsable, en vez de iniciar procedemento sancionador, cando as circunstancias o aconsellen e non se deriven prexuízos para os traballadores, e tamén para iniciar o procedemento sancionador mediante a extensión da acta. Pola súa parte, o artigo 11.2 do R.D. 928/98, que regula o procedemento sancionador na orde social, indica que persistencia na infracción dará lugar á práctica da acta, se non se tivera practicado inicialmente. Os inspectores, en consecuencia, deciden en cada caso a conveniencia entre requirir cun prazo para subsanar as deficiencias, ou iniciar o procedemento sancionador dendo o primeiro momento, con independencia da obriga da empresa de corrixir as deficiencias de inmediato, xa que o incumprimento pode considerarse agravante da proposta de sanción. Quedando suficientemente acreditada a infracción a través da Acta de Inspección actuante e, dado o valor e forz probatoria que se lle deben atribuír as Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infraccións se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don V.M.M.A. en representación da empresa “M.B., S.A.” contra a Resolución de data 08.01.01 acordada pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 250.100 pesetas imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 17 DE DECEMBRO DE 2001

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto nos artigos 196, 197.c), 241 e 244 da Ordenanza Laboral da Construcción (O.M. 28.08.70), vixente para este sector en virtude do establecido na Disposición Derradeira Primeira, nº 2 do Convenio Colectivo Xeral da Construcción, aprobado por Resolución do 04.05.92; e do disposto nos artigos 14, 15 e 17.1 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en relación cos artigos 4.2.d) e 19.1 do R.D. Lexislativo 1/95m, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores consistente en que no momento de ocorre-lo accidente de traballo de referencia ó traballador accidentado atopábase realizando o seu traballo subido a un andamio metálico que carecía das debidas condicións de estabilidade e seguridade xa que non dispoñía de apoios sobre o terreo que asegurasen a súa estabilidade, debido a que se utilizara como apoio do pé exterior do andamio un bloque de formigón de 40x20 centímetros sobre o que se dispuxera unha táboa de madeira na que se asentaba o pé do andamio (por carecer de husillo de nivelación que asegurasen a estabilidade do andamio), e sen que o andamio estivera ancorado de ningún modo á fachada do edificio (carecía totalmente de ancoraxes en fachada).

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16.b) da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, proponéndose a imposición dunha multa de 250.001 pesetas.

SEGUNDO.- Logo do informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de Ourense da Consellería de Xustiza e Relacións Laborais o 06.10.98 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 250.001 pesetas.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitada que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 161/2000, do 29 de xuño (DOG 03.07.00) da Estructura Orgánica da Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- A inspectora forma a súa propia convicción do accidente a través das distintas dilixencias que se practican, aparte da declaración do traballador. Ademais é reiterada a xurisprudencia do Tribunal Supremo no sentido de dar prioridade ás manifestacións que libre e espontaneamente se realizan na acta de Inspección que ás posteriormente emitidas, nas que ademais concorre a circunstancia de tratarse de persoas ligadas por un vínculo laboral a aqueles a quen beneficie a súa testemuña.

Non pode outorgarse ás manifestacións posteriores feitas polos traballadores sen ningunha garantía formal e reducidas a unha simple rectificación das formuladas con anterioridade ante a Inspección, co que será esta a que deba prevalecer como máis espontánea e formulada polo menos ante funcionario competente (TS 12.11.77).

Polo que respecta á práctica de proba, desestímase motivadamente por improcedentes na resolución de instancia non cabe, por tanto, alegar indefensión por parte da recorrente. Estimándose axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.M.R.N. en representación da empresa do mesmo nome contra a Resolución de data 06.10.98 acordada pola Delegación Provincial de Ourense da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 250.001 pesetas imposta á mesma.